

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2016 pola que se convocan probas de avaliación de carácter libre para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática.*

De acordo co previsto na Orde do 29 de abril de 2014 pola que se habilita e autoriza a Rede de centros para a modernización tecnolóxica de Galicia (rede CeMIT) para a formación e avaliación dos contidos formativos que compoñen o Plan formativo ofimático de Galicia, anúnciase a convocatoria de probas presenciais de avaliación de carácter libre para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática (en diante, Codix), que se desenvolverá de acordo coas seguintes bases

*Primeira. Obxecto*

Obter a certificación galega de competencias dixitais en ofimática, regulada polo Decreto 218/2011, do 17 de novembro, tras a superación dunha proba presencial na cal se acreditarán os coñecementos, capacidades e destrezas definidos no Plan formativo ofimático de Galicia.

Poden participar nestas probas todas aquelas persoas maiores de 16 anos, ou que os cumpran antes da finalización do prazo de inscrición, inscritas como usuarios/as da rede CeMIT.

*Segunda. Contidos da proba*

1. O temario para a avaliación será o descrito no módulo formativo MF0233\_2 «Ofimática» (190 horas), asociado á unidade de competencia UC0233\_2 Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación, do Catálogo nacional de cualificacións. As capacidades e criterios de avaliación do dito módulo formativo poden consultarse no Real decreto 558/2011, do 20 de abril, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, mediante o establecemento de dúas cualificacións profesionais correspondentes á familia profesional de Administración e Xestión (BOE núm. 109, do 7 de maio).



2. A rede CeMIT publicou na súa plataforma de teleformación (<http://cemit.xunta.gal/ema>) os materiais formativos que forman parte do curso Codix baixo a modalidade de «Autoformación» como material de apoio para a preparación destas probas:

- Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico.
- Aplicacións informáticas de tratamento de textos. LibreOffice Writer.
- Aplicacións informáticas de follas de cálculo. LibreOffice Calc.
- Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais. LibreOffice Base.
- Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información. LibreOffice Impress.

Terceira. *Prazas convocadas, datas, lugar e horario*

1. As probas de avaliación presencial que se convocan desenvolveranse de acordo co seguinte calendario:

Localidade	Provincia	Día	Hora	Nº de prazas
Abegondo	Coruña, A	Mércores, 16 novembro	10.00	16
Coruña, A -Eirís	Coruña, A	Mércores, 16 novembro	10.00	16
Vimianzo	Coruña, A	Mércores, 16 novembro	10.00	15
Burela	Lugo	Mércores, 16 novembro	10.00	9
Campo Lameiro	Pontevedra	Mércores, 16 novembro	10.00	9
Guarda, A	Pontevedra	Mércores, 16 novembro	10.00	12
Pontevedra	Pontevedra	Mércores, 16 novembro	10.00	26
Tomiño	Pontevedra	Mércores, 16 novembro	10.00	8
Valga	Pontevedra	Mércores, 16 novembro	10.00	11



Localidade	Provincia	Día	Hora	Nº de prazas
Ames	Coruña, A	Xoves, 17 novembro	10.00	13
Fisterra	Coruña, A	Xoves, 17 novembro	10.00	10
Narón	Coruña, A	Xoves, 17 novembro	10.00	15
Pontes, As	Coruña, A	Xoves, 17 novembro	10.00	18
Santiago de C.	Coruña, A	Xoves, 17 novembro	10.00	16
Ourense	Ourense	Xoves, 17 novembro	10.00	18
Moaña	Pontevedra	Xoves, 17 novembro	10.00	8
Porriño, O	Pontevedra	Xoves, 17 novembro	10.00	10
Vigo	Pontevedra	Xoves, 17 novembro	10.00	13

Localidade	Provincia	Día	Hora	Nº de prazas
Arzúa	Coruña, A	Xoves, 17 novembro	16.00	17
Betanzos	Coruña, A	Xoves, 17 novembro	16.00	18
Coruña, A - Eirís	Coruña, A	Xoves, 17 novembro	16.00	16
Pontedeume	Coruña, A	Xoves, 17 novembro	16.00	10
Santa Comba	Coruña, A	Xoves, 17 novembro	16.00	18
Vicedo, O	Lugo	Xoves, 17 novembro	16.00	7
Ourense	Ourense	Xoves, 17 novembro	16.00	18
Verín	Ourense	Xoves, 17 novembro	16.00	11
Xunqueira de Ambía	Ourense	Xoves, 17 novembro	16.00	9
Cañiza, A	Pontevedra	Xoves, 17 novembro	16.00	15
Estrada, A	Pontevedra	Xoves, 17 novembro	16.00	12
Pontevedra	Pontevedra	Xoves, 17 novembro	16.00	26



Localidade	Provincia	Día	Hora	Nº de prazas
Boiro	Coruña, A	Venres, 18 novembro	10.00	10
Oroso	Coruña, A	Venres, 18 novembro	10.00	12
Ortigueira	Coruña, A	Venres, 18 novembro	10.00	11
Porto do Son	Coruña, A	Venres, 18 novembro	10.00	8
Ribeira	Coruña, A	Venres, 18 novembro	10.00	11
Barreiros	Lugo	Venres, 18 novembro	10.00	12
Carballedo	Lugo	Venres, 18 novembro	10.00	7
Sarria	Lugo	Venres, 18 novembro	10.00	17
Celanova	Ourense	Venres, 18 novembro	10.00	11
Catoira	Pontevedra	Venres, 18 novembro	10.00	15
Cuntis	Pontevedra	Venres, 18 novembro	10.00	9
Lalín	Pontevedra	Venres, 18 novembro	10.00	18
Vigo	Pontevedra	Venres, 18 novembro	10.00	13

2. As probas de avaliación terán lugar nas dependencias das aulas CeMIT de cada localidade indicada no punto anterior, localizacións que se poden consultar na web <http://cemit.xunta.gal/centros>

#### Cuarta. *Solicitudes de participación*

1. As persoas que desexen participar nas probas presenciais deberán inscribirse na páxina web de CeMIT <http://cemit.xunta.gal>

2. Con carácter previo á inscrición é necesario darse de alta como usuario/a da rede CeMIT. Nesta alta previa é imprescindible facilitar unha conta persoal de correo electrónico.

3. O prazo para a inscrición será de sete (7) días naturais a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.



4. A inscrición poderá realizarse a través da internet ata as 14.00 horas da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5. Soamente se poderá presentar unha solicitude de inscrición por persoa participante e serán excluídos automaticamente aqueles solicitantes que figuren inscritos en máis dunha localidade ou horario.

6. Unha vez que remate o prazo de inscrición e aplicados os criterios de selección que se recollen na base quinta, publicarase a relación provisional de persoas admitidas en cada unha das localidades na páxina web da rede CeMIT (<http://cemit.xunta.gal>), así como a listaxe de reservas e de excluídos.

7. As persoas admitidas provisionalmente deberán aboar no prazo de cinco (5) días naturais desde a data de dita publicación a taxa de dez (10) euros correspondente aos dereitos de exame e serán excluídos aqueles aspirantes que non aboen a citada taxa.

8. Unha vez rematado o prazo para que as persoas admitidas aboen os dereitos de exame, e no caso de existiren prazas libres, chamarase da lista de espera ata cubrir todas as vacantes. As persoas admitidas por esta quenda deberán aboar a taxa correspondente aos dereitos de exame de dez (10) euros no prazo de 5 días naturais contados desde a data de dito chamamento.

#### Quinta. *Criterios de selección*

1. As prazas dispoñibles en cada localidade asignaranse por orde alfabética entre as persoas preinscricións en tempo e forma aplicando o resultado dun sorteo público que se realizará unha vez que remate o prazo de inscrición, e cuxo lugar e data de realización se publicará na páxina web de CeMIT (<http://cemit.xunta.gal>).

2. No sorteo extraeranse dúas letras do abecedario que determinarán, correlativamente, a primeira e segunda letra do primeiro apelido. As dúas extraccións levaranse a cabo con todas as letras.

3. A orde de prelación comezará pola persoa solicitante cuxo primeiro apelido comece coas dúas letras extraídas e, se non houber ningunha, continuarase pola seguinte solicitante por orde alfabética pasando de «ZZ» a «AA».



4. En caso de coincidencia no primeiro apelido entre varias persoas solicitantes, acudirse como criterio de desempate ao segundo apelido e nome, por orde alfabética. Cando os apelidos vaian precedidos de preposicións, conxuncións ou artigos, estes non serán tidos en conta.

5. As persoas que resulten seleccionadas recibirán un correo electrónico confirmatorio coas instrucións para a súa matriculación e poderán comunicar a súa renuncia a participar no desenvolvemento da actividade con polo menos 48 horas de antelación ao comezo desta. A devandita renuncia deberá comunicarse por correo electrónico ao enderezo [formacion-cemit@xunta.gal](mailto:formacion-cemit@xunta.gal)

#### Sexta. *Taxas de exame*

1. Segundo o anexo 1 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 240, do 11 de decembro), o importe da taxa para inscribirse nas probas de obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática será de dez (10) euros.

2. Para a liquidación das taxas de exame deberán acceder preferiblemente por vía electrónica á Oficina Virtual Tributaria da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (<http://www.conselleriadefacenda.es>), e seguindo a ruta: Oficina Virtual Tributaria ->Servizos de acceso libre -> entrar na Oficina Virtual -> Taxas, prezos, multas e sancións -> Pagamento telemático de taxas e prezos -> Iniciar

Os datos para cubrir o impreso son os seguintes:

Consellería: 04 - Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Servizo: 024 - Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Delegación: 13 - Servizos Centrais.

Taxa: 304202 - Avaliación da unidade de competencia.

Obxecto: certificación galega de competencias dixitais en ofimática.

3. Tamén poderán optar por cubrir o impreso de autoliquidación que se lles facilitará ás persoas interesadas en calquera rexistro ou oficina de atención ao cidadán da Xunta de Galicia.



4. O xustificante de pagamento da taxa correspondente aos dereitos de exame, así como calquera documentación complementaria deberá presentarse electronicamente no enderezo [formacion-cemit@xunta.gal](mailto:formacion-cemit@xunta.gal), utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para a comprobación da validez da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Sétima. *Desenvolvemento das probas*

1. As probas de avaliación presencial para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática teñen o seguinte formato:

Proba de avaliación.

Preguntas tipo test: número	Tempo dispoñible: minutos	Intentos	Respostas incorrectas: desconto	Superación: porcentaxe de respostas correctas
50	90	Un	Non	60 %

2. É obrigatoria a asistencia con puntualidade ás probas de avaliación. Levarase a cabo un único chamamento por orde alfabética.

3. As persoas participantes deben presentarse provistas do DNI ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

4. Para realizar a proba de avaliación é necesario que cada participante lembre as súas credenciais de acceso á rede CeMIT (usuario e contrasinal).

5. Non se autoriza o uso de dispositivos electrónicos nin de ningún material adicional durante o desenvolvemento das probas de avaliación.

6. Na páxina web <http://cemit.xunta.gal> actualízase e amplíase a información sobre estas probas de avaliación presencial.



*Oitava. Facultades da Amtega*

1. Resolver aquelas incidencias que se poidan producir no desenvolvemento e xestión das probas de avaliación. Así mesmo, correspóndelle prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

2. Modificar o desenvolvemento e contido das probas, as datas e os lugares, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir.

3. Expedir a certificación galega de competencias dixitais en ofimática a todas aquelas persoas que superen a proba da avaliación, segundo o disposto no Decreto 218/2011, do 17 de novembro, que regula a citada certificación (DOG núm. 229, do 30 de novembro).

*Novena. Datos de carácter persoal*

1. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento serán incluídos nun ficheiro denominado «FL-007 Actividades dirixidas á cidadanía», co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

2. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Cinc, Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña ou a través dun correo electrónico a: [lopd@xunta.gal](mailto:lopd@xunta.gal)

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2016

María del Mar Pereira Álvarez  
Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

